


# PROGRAMACIÓN ANUAL DE PLÁSTICA
Ceip ADR Castelao de Ordes

5º DE PRIMARIA

CURSO ACADÉMICO: 2021 – 2022

FÁTIMA NOVO TUÑAS

# ÍNDICE:

- 1.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave .................................................... páx 2
- 2.- Concreción dos obxectivos para o curso.................................................................................... páx 3
- 3.- Concreción para cada estándar ................................................................................................ páx 6
    - Temporalización
    - Grao mínimo de consecución para superar a materia
    - Procedementos e instrumentos de avaliación
    - Competencias clave de cada estándar
- 4.- Concrecións metodolóxicas......................................................................................................... páx 11
- 5.- Materiais e recursos didácticos .................................................................................................. páx 12
- 6.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado ....................................... páx 12
- 7.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente ............................ páx 14
- 8.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados ........................................................................... páx 15
- 9.- Medidas de atención á diversidade ............................................................................................ páx 15
- 10.- Actividades extraescolares e complementarias........................................................................ páx 16
- 11.- Plan de reforzo e recuperación ................................................................................................. páx 17
- 12.- Adaptacións necesarias para a docencia non presencial e sem-presencial............................ páx 17

# 1.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento. Na área de lingua estranxeira, inglés, potenciarase o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e na área de plástica as competencias de aprender a aprender e consciencia e expresións culturais.

A lingua é o instrumento por excelencia da comunicación e da aprendizaxe, por tanto, é esencial que dende as idades máis temperás, a educación teña entre os seus obxectivos principais dotar ácidadás e ós cidadáns de instrumentos para o desenvolvemento de competencias que lles permitan participar adecuadamente nunha nova sociedade cada vez máis interdependente e global.

Por outra banda, a utilización das TIC posibilita o acceso a informacións sobre outras culturas e os seus costumes, reafirma as destrezas orais e escritas, facilita o enriquecemento do vocabulario, fixa unha ortografía correcta e estimula a aprendizaxe autónoma.

## 2.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA O CURSO

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo- sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes de tráfico.

Para a área de plástica centrarémonos nos obxectivos de etapa: b, d, j.

## 3- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:
## Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

| TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE EVALUACIÓN DE LOS ESTÁNDARES DEL CURSO | | | |
|---|---|---|---|
| **CURSO** | Plática de 5º . ARTS | | |
| **NIVEL** | 5º PRIMARIA | **ÁREA** | Educación Plástica (EP) |

| **Criterio de evaluació n** | **Estándares** | **Grado mínimo para superar el área**<br>Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA LA CALIFICACIÓN**<br>**Instrumentos de evaluación / Procedimientos de evaluación (%)*** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Educación audiovisual** | | | | | | | |
| EP-B1.1 | 5º-EPB1.1.1 - Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaas | Recoñece as imaxes e clasifícaas | | X | | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. | CCEC<br>CSIEE |
| EP-B1.1 | 5º-EPB1.1.2 - Debuxa aspectos da vida cotiá. | Debuxa aspectos moi sinxelos | | | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Caderno de Campo. | CCEC<br>CSIEE |
| EP-B1.2 | 5º-EPB1.2.1 - Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra. | Identifica os recursos e os materias esenciais para elaborar unha obra. | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Caderno de Campo. | CCEC<br>CCL |
| EP-B1.2 | 5º-EPB1.2.2 - Analiza as posibilidades de materiais, | Analiza as posibilidades de materiais básicos, texturas, formas | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes. | sinxelas e cores primarios, secundarios e terciarios. | | | | INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Caderno de Campo. | |
| EP-B1.3 | 5º-EPB1.3.1 - Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía. | | | | | PROCEDIMIENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCEC<br>CCL |
| EP-B1.3 | 5º-EPB1.3.2 - Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial. | | | | | PROCEDIMIENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCEC<br>CCL |
| EP-B1.3 | 5º-EPB1.3.3 - Recoñece os diferentes temas da fotografía. | Recoñece os diferentes temas básicos da fotografía | | | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC |
| **Bloque 2: Expresión artística** | | | | | | | |
| EP-B2.1 | 5º-EPB2.1.1 - Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades. | | X | X | X | PROCEDIMIENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCEC<br>CSIEE<br>CCL |
| EP-B2.1 | 5º-EPB2.1.2 - Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio. | Confecciona seu propio anuncio partindo dun exemplo | | X | | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Caderno de Campo. | CCEC<br>CSIEE |
| EP-B2.2 | 5º-EPB2.2.1 - Confecciona planos, e mapas simples | | | | | PROCEDIMIENTOS: | CCEC<br>CMCT |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo. | | | | | INSTRUMENTOS: | CSC |
| EP-B2.2 | 5º-EPB2.2.2 - Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula). | Elabora líneas utilizando o gráfico | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Caderno de Campo. | CCEC<br>CMCT |
| EP-B2.2 | 5º-EPB2.2.3 - Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo | Participa nas actividades mostrando interés | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC |
| EP-B2.3 | 5º-EPB2.3.1 - Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas. | Representa con claroescuro a sensación espacial partindo dun exemplo | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC<br>CCL |
| EP-B2.3 | 5º-EPB2.3.2 - Experimenta coa superposición de planos para crear volume. | | | | | PROCEDIMIENTOS:<br><br>INSTRUMENTOS: | CCEC<br>CMCT |
| EP-B2.3 | 5º-EPB2.3.3 - Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. | Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC<br>CMCT |
| EP-B2.3 | 5º-EPB2.3.4 - Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición. | Combina as cores para as utilizar correctamente. | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Producións plásticas. | CCEC |
| EP-B2.3 | 5º-EPB2.3.5 - Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras. | Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras. | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Rúbrica. | CCEC |
| EP-B2.3 | 5º-EPB2.3.6 - Constrúe | | | | | PROCEDIMIENTOS: | CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | obxectos tridimensionais. | | | | | INSTRUMENTOS: | CSIEE |
| EP-B2.4 | 5º-EPB2.4.1 - Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados. | Debuxa as formas, figuras e elementos do contextos con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados. | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Rúbrica. | CCEC<br>CAA |
| EP-B2.4 | 5º-EPB2.4.2 - Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción | Organiza os espazos das producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción. | | X | | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC<br>CMCT |
| EP-B2.4 | 5º-EPB2.4.3 - Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos. | | X | | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC<br>CMCT |
| EP-B2.4 | 5º-EPB2.4.4 - Distingue o tema ou xénero de obras plásticas. | Distingue os elementos máis característicos das obras plásticas | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CCEC<br>CMCT |
| EP-B2.4 | 5º-EPB2.4.5 - Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquexo. | | | | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC<br>CSIEE |
| EP-B2.5 | 5º-EPB2.5.1 - Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final. | Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que se axuste ao resultado final. | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CCEC<br>CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EP-B2.5 | 5º-EPB2.5.2 - Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados. | Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados. | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Rúbrica. | CSC |
| EP-B2.5 | 5º-EPB2.5.3 - Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material. | Particiipa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CSC |
| EP-B2.6 | 5º-EPB2.6.1 - Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos | Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos. | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Rúbrica. | CCEC<br>CSC<br>CAA |
| EP-B2.6 | 5º-EPB2.6.2 - Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. | Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Rúbrica. | CSC<br>CCEC |
| EP-B2.6 | 5º-EPB2.6.3 - Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades. | Amosa interese e intenta mellorar tendo en conta a súa habilidade. | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rúbrica. | CSC<br>CCEC |
| EP-B2.7 | 5º-EPB2.7.1 - Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación. | | | X | | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CD<br>CCEC |
| **Bloque 3: Debuxo xeométrico** | | | | | | | |
| EP-B3.1 | 5º-EPB3.1.1 - Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.) | Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico. | | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCEC<br>CMCT |
| EP-B3.1 | 5º-EPB3.1.2 - Utiliza o | Utiliza o trazado de rectas paralelas | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos | CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | trazado de rectas paralelas. | | | | | alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Caderno de Campo. | CMCT |
| EP-B3.1 | 5º-EPB3.1.3 - Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas. | | | | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC<br>CMCT |
| EP-B3.1 | 5º-EPB3.1.4 - Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar triángulos e cuadriláteros. | | | | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC<br>CMCT |
| EP-B3.1 | 5º-EPB3.1.5 - Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría. | | | | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC<br>CMCT |
| EP-B3.1 | 5º-EPB3.1.6 - Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas. | | X | X | X | PROCEDIMIENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. | CCEC<br>CMCT |

* Indícase entre paréntese el porcentaxe de ponderación de cada instrumento de evaluación, no caso de haber máis dun, de cara el obter el cualificación final.

# 4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía basearase na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Teremos en conta ademais:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes signficativas, mobilizando os coñecementos previos, e a memorización comprensiva.
- Posibilitar situacións de aprendizaxes motivadoras, que teñan sentido para o alumno.
- Metodoloxía active, buscando a integración dos alumnus na dinámica xeral da aula e na adquisición das aprendizaxes.
- Motivación partindo do interese do alumnado.
- Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- Gradación das actividaddes: garantir uns mínimos para todos e na medida do possible, desenvolver as potencialidades de cadaquén.
- Flexibilidade no tratamento de materias e sesións, procurando non romper un rtimo de traballo e aproveitar situacións educativas que se produzan na aula.
- Traballo en grupo cooperativo no desenvolvemento de actividades e propostas: xuntar os alumnos en grupos de catro/ cinco para traballar os principos de definición do obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común despois do traballo grupal ou individual.

## 5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Durante este curso académico non se empregará o libro de texto. Contodo, faremos dos seguintes materiais:

- Revistas
- Apps especializadas
- Presentacións audiovisuais
- Audios
- Pantalla dixital
- Canciones
- Enlaces Webs
- Material imprimible

## 6.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación que se vai levar a cabo ao longo do proceso educativo será global e continua; empregando diferentes técnicas como a observación directa, a análise de producións dos alumnos/as, intercambios orais, probas... Outro tipo de avaliación que se levará a cabo será a autoavaliación ao final de cada unidade xa que é indispensable para lograr que o alumnado acade certa autonomía e se implique responsablemente no proceso de aprendizaxe, ademáis de que elabore xuizos e criterios persoais.

Ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe, a avaliación levarase a cabo en tres momentos diferenciados:

Avaliación inicial: a súa finalidade é coñecer as ideas previas, capacidades e actitudes do alumnado.

Avaliación continua ou formativa: permitirá adecuar o proceso educativo ás necesidades dos alumnos/-as.

Avaliación sumativa ou final: o obxectivo será comprobar o grado de aprendizaxe dos contidos por parte dos alumnos/-as. En canto aos criterios de cualificación, organízarase da seguinte maneira:

| PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS CORRECCIÓN |
|---|---|---|---|
| Fichas, tarefas e proxectos. Terase en conta o desenvolvemento das competencias clave e os estándares de aprendizaxe. | 60% | Bloc de dibuxo, proxectos ou fichas | O alumno parte dun aprobado se presenta as fichas, tarefas ou proxectos na data estipulada pola Mentras cumpla uns requitos mínimos. No caso de que o 30% das actividades non sexan entregadas, o alumno non acadaría o aprobado. |
| Observación directa e análise de producción dos alumnos. | 20% | Caderno da mestra, proxectos ou traballos do alumno | Avaliarase o traballo diario: limpeza, orde, claridade que terán unha puntuación onde a suma delas será a nota final. |
| Observación directa. Terase en conta a actitude positiva a atención na clase e no uso da lingua. | 20% | Caderno da mestra | Terase en conta a vontade de traballar e as ganas de superación. |

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do mestre titor.

## 7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

| | Insuficiente | En Proceso | Suficiente | Satisfactorio | Moi satisfactorio |
|---|---|---|---|---|---|
| Os obxectivos e contidos son os axeitados para conseguir un axeitado grao de desenvolvemento das competencias clave | | | | | |
| Temporalización das unidades didácticas | | | | | |
| A metodoloxía empregada está favorecendo o desenvolvemento das competencias clave | | | | | |
| Os recursos utilizados son axeitados para traballar os contidos propostos | | | | | |
| A utilización das TIC vese reflectida en cada área | | | | | |
| O alumno/a e a súa familia implícanse no proceso educativo | | | | | |
| As medidas adoptadas respecto a atención á diversidade abranguen a todos alumnos e alumnas | | | | | |
| Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe dannos unha información obxectiva para seguir mellorando a nosa práctica educativa | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Os instrumentos de avaliación son suficientes e axeitados | | | | | |

| Learning attitude Arts 20% | Excelente | | Regular | Insuficiente | Deficiente |
|---|---|---|---|---|---|
| **Comportamento** | Excelente | Satisfactorio | Aceptable | Pouco apropriado | Bastante Inapropriado |
| **Traballo** | Traballa con constancia. | Xeralmente soe traballar con constancia. | Soe ser constante ainda que poderia melhorar o seu desempeño. | Por normal xeral costalle traballar. Hai que chamarlle a atención para que se poida centrar no traballo. | Deixa pasar o tempo. Queixase constantemente ou ben deixa pasar o tempo e non fai o trabalho. |
| **Participación** | Mostrase participativo. | Casi sempre mostra interés. | As veces se despista pero mostra interés. | En poucas ocasións participa de maneira adecuada nas actividades. | Non mostra ningunha ganas de participar nas actividades ou no desenvolvemento das tarefas. |

## 8.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Coa intención de saber cales son os coñecemento iniciais do alumnado ao comenzó do novo curso, así como o grao de adquisición das competencia claves, sobre todo no desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, realizárase unha actividade básica de trazado e composición.

.

## 9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atender á diversidade non se refire únicamente ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, senón que fai referencia a todo o alumnado. É preciso empregar diferentes estratexias

que garantan a atención á diversidade da aula como:

- Adaptación da práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses, ritmos e estilo de aprendizaxe de cadaquén.
- Modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe.
- Adecuación das actividades e metodoloxía ás diferenzas individuais do alumnado.
- Variación nos agrupamentos en función da tarefa: grupos pequenos, parellas, titorización por parte dun compañeiro,...

Tanto a recuperación como a ampliación, para aquel alumnado que as precise, están integradas no propio proceso de ensino-aprendizaxe e realizáranse dende o momento en que se detecte algunha dificultade.

No que respecta ó reforzo, a medida que se diagnostican fallos na aprendizaxe, tratáranse de recuperar mediante:

Atención individualizada por parte do mestre sobre os aspectos da materia nos que o alumno/a presente carencias.

Tarefas nas que se traballarán e profundizarán aspectos nos que os alumnos presenten problemas, tratando de correxir os fallos detectados para evitar que isto queden erroneamente interiorizados cognitivamente. Segundo as necesidades do alumno, estas actividades poden ser realizadas de forma guiada polo mestre ou ben de forma máis autónoma. Dun xeito similar, para o alumnado avantaxado propóranse actividades de ampliación cun maior grado de complexidade.

## 10.- TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN

Durante o presente curso académico 2021 /2022 os contidos da materia estarán distribuídos en dous bloques ao longo dos trimestres.

1º TRIMESTRE:

BLOQUE 1: A COR, A LIÑA E A FORMA

A cor é un elemento artístico moi importante na elaboración dos proxectos e polo tanto é necesario traballar a roda das cores coas distintas clasificacións que as cores reciben e as posibles combinacións: cores primarias, secundarias e terciarias no círculo cromático.

Neste apartado, tamén traballaremos os distintos trazados lineaiis e as diferentes formas que sirvirán de introducción a temática central do curso escolar que se centrará na obra do pintor español: Pablo Picasso.

BLOQUE 2: PABLO PICASSO, VIDA E OBRA.

2º e 3º TRIMESTRE:

Realizaremos traballos relacionados coa obra artística do célebre pintor cubista e intentaremos compaxinar as técnicas aprendidas ao longo do curso nas composicións que se fagan. Repasaremos a obra, vida e técnicas empregadas nas distintas etapas do artista.

ACTIVIDADES PROPOSTAS:

- Vocabulario Básico
- Exercicios de audio
- Exercicios de comprensión lectora
- Collage
- Tree Ornaments
- Blue period: diseño e pintura do neno triste
- Le Coq Pastel Project
- Rose period: Hearts
- Cubism period: Portraits

# 11.- PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Ao longo do trimestre farase unha avaliación inicial para comprobar a situación do alumnado na materia de educación artística: plástica. Realiazaremos unhas actividades de repaso sobre a cor, a forma así como o vocabulario elemental en inglés relacionado coa práctica na aula para dar paso, desta forma, ao temario da materia. Os exercicios serán prácticos e irán acompañados de audios e videos.

# 12.- ADAPTACIÓNS NECESARIAS PARA A DOCENCIA NON PRESENCIAL E SEMI-PRESENCIAL

| **Metodoloxía e actividades programadas para clases non presenciais e semi-presenciais.** | |
|---|---|
| **Actividades** | Enviaríanse fichas e vídeos explicativos sobre o tema traballado. Neste caso, vamos a traballar a pintura post impresionista de Vincent Van Gogh |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | **CLASES NON PRESENCIAIS E SEMI-PRESENCIAIS**<br><br>**CLASES NON PRESENCIAIS**<br><br>Metodoloxía alumnado con conectividade:<br>Os alumnos accederían cada quince días a unha carpeta compartida en google drive onde se garda todo o material que deben traballar durante a quincena. Poríase unha data de entrega para que envíaríase o traballo e para iso, utilizarían o correo electrónico.<br><br>Metodoloxía alumnado sen conectividade:<br>O alumnado que non consta de recursos suficientes dependen da axuda de organismos locais para poder imprimir as actividades ou ver o vídeo ilustrativo da sesión. Posteriormente, reenviarían as tarefas utilizando os mesmos medios de axuda.<br><br>**CLASES SEMI-PRESENCIAIS**<br><br>A dinámica de clase sería igual a das clases presenciais: o temario e as actividades propostas non sufrirían variación. O medio de comunicación establecido entre o alumnado e o mestre sería o cartafol de google drive e a aula virtual do centro. |
| **Materiais e recursos** | Materiais e recursos adicionais:<br><br>https://www.youtube.com<br>https://www.pinterest.com |

| Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br><br>Enviaríase ao alumnado as actividades de repaso e daríase un prazo flexible para a entrega das tarefas propostas.<br>As familias serían informadas en todo momento do desenvolvemento dos seus fillos no transcurso do trimestre. |
| | Instrumentos:<br><br>Observación sistemática de traballo: diario de clase<br>Análises de produción: Fichas e tarefas do libro de texto. |
| **Cualificación final** | A cualificación final obteríase da seguinte forma:<br><br>Por unha banda, tendo en conta a execución das tarefas enviadas e realización de xeito satisfactorio nas condicións e termos esixidos, evidenciando un grande interese e esforzo pola súa parte. O aprobado se alcanzará, sempre e cando o alumno supere os mínimos esixidos |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación:<br><br>Serían empregados os mesmos criterios mencionados anteriormente |
| | Criterios de cualificación:<br><br>No caso de que as fichas e tarefas enviadas fosen realizadas de forma satisfactoria, mostrando en todo o momento afán de participación e superación, teríase en conta a hora de subir a nota do alumno. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br><br>Os procedementos de avaliación serán os mesmo utilizados que o resto do alumnado mencionado anteriormente. |